

Sanisec Plus reduce o traballo e aumenta as ganancias

En Casanova Holstein incorporaron hai ano e medio este secante en po para a hixiene das camas e, desde que o aplican, resaltan as melloras na saúde do ubre das vacas, ademais dunha considerable baixada das mamites clínicas e subclínicas.

Sanisec Plus é un secante en po para a hixiene animal a base de substancias naturais especialmente tratadas con axentes activos antimicrobianos que hixienizan, desecan e proporcionan un agradable aroma. Trátase dun produto absorbente, fabricado con materias primas locais, con propiedades desinfectantes naturais, libres de fosfatos, non irritantes e inocuas para os animais.

O obxectivo deste produto é manter o gando libre de axentes externos nocivos, dunha maneira sa, e asegurar unhas condicións óptimas de hixiene na granxa para o animal, ademais de alcanzar melloras produtivas na explotación. Ten un modo de emprego fácil, posto que se pode espaxar en pavimentos e camas, aínda que estean presentes os animais.

En Casanova Holstein (Millares, Baleira) empezaron co seu uso en xullo de 2020. Miguel Pérez Fernández, copropietario desta explotación, explícanos que antes de ter o Sanisec Plus empregaban nas camas de colchón unha casca con palla e carbonato. “Aquí temos canles e fosa con placa e esta mestura estaba a darnos problemas, porque o carbonato sedimentaba no fondo. Desde que empezamos con este produto, iso acabou”, apunta o gandeiro. En canto á súa aplicación comenta que é sinxela. Mañá e noite enchen o aplicador que logo conectan a un trade de batería e xa o poñen por toda a explotación. Teñen unhas 60 camas e calculan que botar o secante lévalles uns dous minutos. “Aínda que haxa vacas por medio, están totalmente afeitas e non nos causan ningún problema”, relata Miguel.

Nesta gandería, os principais cambios que notaron son no ubre das vacas, cunha importante redución das mastites subclínicas. Tiñan unha media anual de 170.000 cél./ml e desde que utilizan o Sanisec Plus, a media do último ano está ao redor das 130.000. “Non é unha gran diferenza, pero está demostrado que unha baixada das células somáticas implica



En vídeo



unha maior produción por vaca”, resalta. Así mesmo, nas mastites clínicas tamén tiveron un decrecemento, posto que, anteriormente, trataban unhas oito mamites clínicas anuais e neste último ano e medio levan atendidas unhas tres, o que implica un descenso da taxa de eliminación. Así, descartan menos leite, reducen o risco de dar inhibidores en tanque e, ademais, diminúen o uso de antibióticos, “que agora é tan importante, máis cando o próximo ano nos van a obrigir a incorporar o secado selectivo”.

Este gandeiro ten claro que recomendaría este produto para aquelas granxas que teñan o manexo das camas como as súas, de colchón, posto que considera que cumpre moi ben a función de mellorar a saúde do ubre. “Estamos moi contentos con el. É fácil de usar, a rutina de subministración automatízase bastante ben e economicamente compensa. A nós repercútenos en menos dores de cabeza, menos traballo e máis diñeiro no peto”, conclúe Miguel.